

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**3440** *Lei orgánica 2/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, en materia de delitos de terrorismo.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

A Resolución do Consello de Seguranza de Nacións Unidas 2178, aprobada no 24 de setembro de 2014, recolle a fonda preocupación da comunidade internacional polo recrutamento da actividade terrorista e pola intensificación do chamamento a cometer atentados en todas as rexións do mundo. No catálogo de medidas que constitúen a parte dispositiva desta resolución aparece no punto sexto un recordatorio da Resolución 1373 (2001), en virtude da cal todos os Estados membros deben velar polo axuizamento de toda persoa que participe no financiamento, planificación, preparación ou comisión de actos de terrorismo ou preste apoio a eses actos. Tras este recordatorio, a Resolución 2178 pide aos Estados que se aseguren de que as súas leis e outros instrumentos legislativos internos tipifiquen delitos graves que sexan suficientes para que se poidan axuizar e sancionar as condutas terroristas que se describen, de tal forma que quede debidamente reflectida a gravidade do delito.

As accións terroristas a que alude detalladamente a Resolución 2178 constitúen o máximo expoñente das novas ameazas que o terrorismo internacional supón para as sociedades abertas e que pretenden pór en risco os esteos en que se sustenta o Estado de dereito e o marco de convivencia das democracias do mundo enteiro.

O terrorismo internacional de corte xihadista caracterízase, precisamente, por incorporar esas novas formas de agresión, consistentes en novos instrumentos de captación, adestramento ou adoutramento no odio, para empregalos de maneira cruel contra todos aqueles que, no seu ideario extremista e violento, sexan cualificados como inimigos. Estas novas ameazas deben, por tanto, ser combatidas coa ferramenta máis eficaz que os demócratas poden empregar contra o fanatismo totalitario dos terroristas: a lei.

Este terrorismo caracterízase pola súa vocación de expansión internacional, a través de líderes carismáticos que difunden as súas mensaxes e consignas por medio da internet e, especialmente, mediante o uso das redes sociais, facendo pública unha mensaxe de extrema crueldade que pretende provocar terror na poboación ou en parte dela e realizando un chamamento aos seus adeptos de todo o mundo para que cometan atentados.

Os destinatarios destas mensaxes poden ser individuos que, despois da súa radicalización e adoutramento, tenten perpetrar ataques contra os obxectivos sinalados, incluíndo atentados suicidas.

Non menos importante é o fenómeno dos combatentes terroristas desprazados que deciden unirse ás filas das organizacións terroristas internacionais ou das súas filiais nalgún dos escenarios de conflito bélico en que os xihadistas están participando, singularmente, Siria e Irak. Este fenómeno dos combatentes terroristas desprazados é, neste momento, unha das maiores ameazas á seguranza de toda a comunidade internacional e da Unión Europea en particular, unha vez que estes se desprazan para

adestrarse no manexo de armas e explosivos, adquirir a capacitación necesaria e pórse ás ordes dos grupos terroristas.

A experiencia da loita contra o terrorismo en España permitiunos contar cunha lexislación penal eficaz na resposta ao terrorismo protagonizado por bandas armadas como a ETA ou o Grapo, isto é, grupos terroristas cohesionados arredor dun ou varios líderes, con estrutura orgánica clara, repartición de roles dentro da organización e relacións de xerarquía definidas e asumidas polos integrantes do grupo terrorista. A resposta penal ao terrorismo articulábase, por tanto, na sanción dos que pertencían, actuaban ao servizo ou colaboraban con organizacións ou grupos terroristas. O eixe do tratamento penal do terrorismo era, por tanto, a definición da organización ou grupo terrorista e a tipificación daquelas condutas que cometían os que se integraban nelas ou, dalgunha forma, prestaban a súa colaboración.

O Código penal non debe, en ningún caso, perder esa perspectiva de tipificación das condutas articuladas arredor de organizacións ou grupos terroristas, pero é evidente que as novas ameazas exixen a actualización da normativa para dar cabida ao fenómeno do terrorismo individual e ás condutas que constitúen a principal preocupación da comunidade internacional, en liña coa Resolución 2178 do Consello de Seguranza de Nacións Unidas anteriormente citada.

Esta lei orgánica modifica o capítulo VII do título XXII do libro II da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, de tal forma que o rigor da resposta penal fronte a crimes tan graves inclúa, ademais das modalidades de terrorismo xa coñecidas, as que proceden das novas ameazas.

O capítulo VII do título XXII do libro II da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, divídese en dúas seccións e comprende os artigos 571 a 580.

A sección 1.<sup>a</sup> leva por rúbrica «Das organizacións e grupos terroristas» e mantén a mesma lóxica punitiva que a regulación ata agora vixente, establecendo a definición de organización ou grupo terrorista e a pena que corresponde aos que promoven, constitúen, organizan ou dirixen estes grupos ou aos que se integran neles.

A sección 2.<sup>a</sup> leva por rúbrica «Dos delitos de terrorismo» e comeza cunha nova definición de delito de terrorismo no artigo 573 que se inspira na Decisión marco 2002/475/XAI do Consello da Unión Europea, do 13 de xuño de 2002, sobre a loita contra o terrorismo, modificada pola Decisión marco 2008/919/XAI, do 28 de novembro de 2008. A definición establece que a comisión de calquera delito grave contra os bens xurídicos que se enumeran no número 1 constitúe delito de terrorismo cando se leve a cabo con algunha das finalidades que se especifican no mesmo artigo: 1.<sup>a</sup>) Subverter a orde constitucional, ou suprimir ou desestabilizar gravemente o funcionamento das institucións políticas ou das estruturas económicas ou sociais do Estado, ou obrigar os poderes públicos a realizar un acto ou a absterse de facelo; 2.<sup>a</sup>) Alterar gravemente a paz pública; 3.<sup>a</sup>) Desestabilizar gravemente o funcionamento dunha organización internacional; 4.<sup>a</sup>) Provocar un estado de terror na poboación ou nunha parte dela.

O artigo 573 bis establece a pena que corresponde a cada delito de terrorismo, partindo de que se se causar a morte dunha persoa se aplicará a pena de prisión polo tempo máximo previsto no Código penal.

O artigo 574 establece a tipificación de todas aquelas condutas relacionadas co depósito de armas e explosivos, a súa fabricación, tráfico, subministración ou a mera colocación ou emprego deles, cando se persigan as finalidades enumeradas no número 1 do artigo 573. Recóllese de maneira particular a agravación da pena cando se trate de armas, substancias ou aparellos nucleares, radiolóxicos, químicos ou biolóxicos, ou calquera outro de similar potencia destrutiva.

O artigo 575 tipifica o adoutramento e o adestramento militar ou de combate ou no manexo de toda clase de armas e explosivos, incluíndo expresamente o adoutramento e adestramento pasivo, con especial mención ao que se realiza a través da internet ou de servizos de comunicación accesibles ao público, que exixe, para ser considerado delito, unha nota de habitualidade e un elemento finalista que non é outro que estar dirixido a incorporarse a unha organización terrorista, colaborar con ela ou perseguir os seus fins.

Tamén se tipifica neste precepto o fenómeno dos combatentes terroristas estranxeiros, isto é, os que para se integraren ou colaboraren cunha organización terrorista ou para cometeren un delito de terrorismo se traladen ao estranxeiro.

O artigo 576 establece a pena para as condutas relacionadas co financiamento do terrorismo, incluíndo quen, por calquera medio, directa ou indirectamente, recade, adquira, posúa, utilice, converta, transmita ou realice calquera outra actividade con bens ou valores de calquera clase coa intención de que se utilicen, ou sabendo que serán utilizados, en todo ou en parte, para cometer calquera dos delitos comprendidos neste capítulo. A tipificación inclúe as formas imprudentes de comisión do delito, como a negligente omisión dos deberes emanados da normativa sobre branqueo de capitais e prevención do financiamento do terrorismo.

O artigo 577 recolle a tipificación e sanción das formas de colaboración con organizacións, grupos ou elementos terroristas, ou que estean dirixidas a cometer un delito de terrorismo. Inclúense especificamente as accións de captación e recrutamento ao servizo de organizacións ou fins terroristas e agrávase a pena cando se dirixen a menores, a persoas necesitadas de especial protección ou a mulleres vítimas de tráfico.

Nos artigos 578 e 579 castígase o enalteceamento ou xustificación públicos do terrorismo, os actos de descrédito, menosprezo ou humillación das vítimas, así como a difusión de mensaxes ou consignas para incitar outros á comisión de delitos de terrorismo. Na tipificación destas condutas tense en especial consideración o suposto en que se cometan mediante a difusión de servizos ou contidos accesibles ao público a través de medios de comunicación, internet, ou por medio de servizos de comunicacións electrónicas ou mediante o uso de tecnoloxías da información, e artículase, ademais, a posibilidade de que os xuíces poidan acordar como medida cautelar a retirada destes contidos.

O artigo 579 bis incorpora, sempre que se dean as circunstancias enumeradas nese precepto, as penas de inhabilitación absoluta e a nova pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, nos ámbitos docente, deportivo e de tempo libre, por un tempo superior entre seis e vinte anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta, se for o caso, na sentenza. Ademais, prevese a posibilidade de atenuación da pena aos que abandonasen voluntariamente as súas actividades delituosas e colaboren coas autoridades, e tamén no caso de que o feito sexa obxectivamente de menor gravidade, considerando o medio empregado ou o resultado producido.

Finalmente, o artigo 580 establece que, en todos os delitos de terrorismo, a condena dun xuíz ou tribunal estranxeiro será equiparada ás sentenzas dos xuíces ou tribunais españois para os efectos de aplicación da agravante de reincidencia.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Modifícase o capítulo VII do título XXII do libro II da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que queda redactado nos seguintes termos:

#### «CAPÍTULO VII

### **Das organizacións e grupos terroristas e dos delitos de terrorismo**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Das organizacións e grupos terroristas*

#### Artigo 571.

Para os efectos deste código consideraranse organizacións ou grupos terroristas aquelas agrupacións que, reunindo as características respectivamente establecidas no parágrafo segundo do número 1 do artigo 570 bis e no parágrafo segundo do número 1 do artigo 570 ter, teñan por finalidade ou por obxecto cometer algún dos delitos tipificados na sección seguinte.

Artigo 572.

1. Os que promovan, constitúan, organicen ou dirixan unha organización ou grupo terrorista serán castigados coas penas de prisión de oito a catorce anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de oito a quince anos.

2. Os que participen activamente na organización ou grupo, ou formen parte deles, serán castigados coas penas de prisión de seis a doce anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de seis a catorce anos.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Dos delitos de terrorismo*

Artigo 573.

1. Considerarase delito de terrorismo cometer calquera delito grave contra a vida ou a integridade física, a liberdade, a integridade moral, a liberdade e indemnidade sexuais, o patrimonio, os recursos naturais ou o ambiente, a saúde pública, de risco catastrófico, incendio, contra a Coroa, de atentado e tenza, tráfico e depósito de armas, municións ou explosivos, previsto no presente código, e apoderarse de aeronaves, buques ou outros medios de transporte colectivo ou de mercadorías, cando se leven a cabo con calquera das seguintes finalidades:

1.<sup>a</sup> Subverter a orde constitucional, ou suprimir ou desestabilizar gravemente o funcionamento das institucións políticas ou das estruturas económicas ou sociais do Estado, ou obrigar aos poderes públicos a realizar un acto ou a absterse de facelo.

2.<sup>a</sup> Alterar gravemente a paz pública.

3.<sup>a</sup> Desestabilizar gravemente o funcionamento dunha organización internacional.

4.<sup>a</sup> Provocar un estado de terror na poboación ou nunha parte dela.

2. Consideraranse igualmente delitos de terrorismo os delitos informáticos tipificados nos artigos 197 bis e 197 ter e 264 a 264 quáter cando os feitos se cometan con algunha das finalidades a que se refire o número anterior.

3. Así mesmo, terá a consideración de delitos de terrorismo o resto dos delitos tipificados neste capítulo.

Artigo 573 bis.

1. Os delitos de terrorismo a que se refire o número 1 do artigo anterior serán castigados coas seguintes penas:

1.<sup>a</sup> Coa de prisión polo tempo máximo previsto neste código se se causar a morte dunha persoa.

2.<sup>a</sup> Coa de prisión de vinte a vinte e cinco anos cando, nos casos de secuestro ou detención ilegal, non se dea razón do paradiro da persoa.

3.<sup>a</sup> Coa de prisión de quince a vinte anos se se causar un aborto do artigo 144, se produciren lesións das tipificadas nos artigos 149, 150, 157 ou 158, o secuestro dunha persoa, ou estragos ou incendio dos previstos respectivamente nos artigos 346 e 351.

4.<sup>a</sup> Coa de prisión de dez a quince anos se se causar calquera outra lesión ou se detiver ilegalmente, ameazar ou coaccionar unha persoa.

5.<sup>a</sup> E coa pena prevista para o delito cometido na súa metade superior, chegando mesmo á superior en grao, cando se trate de calquera outro dos delitos a que se refire o número 1 do artigo anterior.

2. As penas imporanse na súa metade superior se os feitos se cometeren contra as persoas mencionadas no número 3 do artigo 550, ou contra membros das forzas e corpos de seguranza ou das forzas armadas ou contra empregados públicos que presten servizo en institucións penitenciarias.

3. Os delitos de terrorismo a que se refire o número 2 do artigo anterior castigaranse coa pena superior en grao á respectivamente prevista nos correspondentes artigos.

4. O delito de desordes públicas previsto no artigo 557 bis, así como os delitos de rebelión e sedición, cando os cometa unha organización ou grupo terrorista ou individualmente pero amparados neles, castigaranse coa pena superior en grao ás previstas para tales delitos.

#### Artigo 574.

1. O depósito de armas ou municións, a tenza ou depósito de substancias ou aparellos explosivos, inflamables, incendiarios ou asfixiantes, ou dos seus compoñentes, así como a súa fabricación, tráfico, transporte ou subministración de calquera forma, e a mera colocación ou emprego de tales substancias ou dos medios ou artificios adecuados, serán castigados coa pena de prisión de oito a quince anos cando os feitos se cometan con calquera das finalidades expresadas no número 1 do artigo 573.

2. Imporase a pena de dez a vinte anos de prisión cando se trate de armas, substancias ou aparellos nucleares, radiolóxicos, químicos ou biolóxicos, ou calquera outro de similar potencia destrutiva.

3. Serán tamén castigados coa pena de dez a vinte anos de prisión os que, coas mesmas finalidades indicadas no número 1, desenvolvan armas químicas ou biolóxicas, ou se apoderen, posúan, transporten, faciliten a outros ou manipulen materiais nucleares, elementos radioactivos ou materiais ou equipamentos produtores de radiacións ionizantes.

#### Artigo 575.

1. Será castigado coa pena de prisión de dous a cinco anos quen, coa finalidade de capacitarse para levar a cabo calquera dos delitos tipificados neste capítulo, reciba adoutramento ou adestramento militar ou de combate, ou en técnicas de desenvolvemento de armas químicas ou biolóxicas, de elaboración ou preparación de substancias ou aparellos explosivos, inflamables, incendiarios ou asfixiantes, ou especificamente destinados a facilitar a comisión dalgunha de tales infraccións.

2. Coa mesma pena será castigado quen, coa mesma finalidade de capacitarse para cometer algún dos delitos tipificados neste capítulo, leve a cabo por si mesmo calquera das actividades previstas no número anterior.

Entenderase que comete este delito quen, con tal finalidade, acceda de maneira habitual a un ou varios servizos de comunicación accesibles ao público en liña ou contidos accesibles a través da internet ou dun servizo de comunicacións electrónicas cuxos contidos estean dirixidos ou resulten idóneos para incitar á incorporación a unha organización ou grupo terrorista, ou a colaborar con calquera deles ou nos seus fins. Os feitos entenderanse cometidos en España cando se acceda aos contidos desde o territorio español.

Así mesmo, entenderase que comete este delito quen, coa mesma finalidade, adquira ou teña no seu poder documentos que estean dirixidos ou, polo seu contido, resulten idóneos para incitar á incorporación a unha organización ou grupo terrorista ou a colaborar con calquera deles ou nos seus fins.

3. A mesma pena se imporá a quen, para ese mesmo fin, ou para colaborar cunha organización ou grupo terrorista, ou para cometer calquera dos delitos comprendidos neste capítulo, se traslade ou estableza nun territorio estranxeiro controlado por un grupo ou organización terrorista.

## Artigo 576.

1. Será castigado coa pena de prisión de cinco a dez anos e multa do triplo ao quántuplo do seu valor quen, por calquera medio, directa ou indirectamente, recade, adquira, posúa, utilice, converta, transmita ou realice calquera outra actividade con bens ou valores de calquera clase coa intención de que se utilicen, ou sabendo que serán utilizados, en todo ou en parte, para cometer calquera dos delitos comprendidos neste capítulo.

2. Se os bens ou valores se puxeren efectivamente ao dispor do responsable do delito de terrorismo, poderase impor a pena superior en grao. Se chegaren a ser empregados para a execución de actos terroristas concretos, o feito castigarase como coautoría ou complicidade, segundo os casos.

3. No caso de que a conduta a que se refire o número 1 se levase a cabo atentando contra o patrimonio, cometendo extorsión, falsidade documental ou mediante calquera outro delito, estes castigaranse coa pena superior en grao á que lles corresponda, sen prexuízo de imporse ademais a que proceda conforme os números anteriores.

4. Quen, estando especificamente suxeito pola lei a colaborar coa autoridade na prevención das actividades de financiamento do terrorismo, dea lugar, por imprudencia grave no cumprimento desas obrigacións, a que non sexa detectada ou impedida calquera das condutas descritas no número 1 será castigado coa pena inferior nun ou dous graos á prevista nel.

5. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos tipificados neste artigo, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa de dous a cinco anos se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa dun a tres anos se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade non incluída na alínea anterior.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas previstas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

## Artigo 577.

1. Será castigado coas penas de prisión de cinco a dez anos e multa de dezaioito a vinte e catro meses quen leve a cabo, recade ou facilite calquera acto de colaboración coas actividades ou finalidades dunha organización, grupo ou elemento terrorista, ou para cometer calquera dos delitos comprendidos neste capítulo.

En particular, son actos de colaboración a información ou vixilancia de persoas, bens ou instalacións, a construción, acondicionamento, cesión ou utilización de aloxamentos ou depósitos, a ocultación, acollemento ou traslado de persoas, a organización de prácticas de adestramento ou a asistencia a elas, a prestación de servizos tecnolóxicos e calquera outra forma equivalente de cooperación ou axuda ás actividades das organizacións ou grupos terroristas, grupos ou persoas a que se refire o parágrafo anterior.

Cando a información ou vixilancia de persoas mencionada no parágrafo anterior poña en perigo a vida, a integridade física, a liberdade ou o patrimonio destas, imporase a pena prevista neste número na súa metade superior. Se se producir a lesión de calquera destes bens xurídicos, castigarase o feito como coautoría ou complicidade, segundo os casos.

2. As penas previstas no número anterior imporanse aos que leven a cabo calquera actividade de captación, adoutramento ou adestramento que estea dirixida ou que, polo seu contido, resulte idónea para incitar a incorporarse a unha



organización ou grupo terrorista ou para cometer calquera dos delitos comprendidos neste capítulo.

Así mesmo, imporanse estas penas aos que faciliten adestramento ou instrución sobre a fabricación ou uso de explosivos, armas de fogo ou outras armas ou substancias nocivas ou perigosas, ou sobre métodos ou técnicas especialmente adecuados para a comisión dalgún dos delitos do artigo 573, coa intención ou coñecemento de que van ser utilizados para isto.

As penas imporanse na súa metade superior, e poderase chegar á superior en grao, cando os actos previstos neste número se dirixisen a menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección ou a mulleres vítimas de tráfico co fin de convertelas en cónxuxes, compañeiras ou escravas sexuais dos autores do delito, sen prexuízo de se imporen as que ademais procedan polos delitos contra a liberdade sexual cometidos.

3. Se a colaboración coas actividades ou finalidades dunha organización ou grupo terrorista, ou na comisión de calquera dos delitos comprendidos neste capítulo, se producir por imprudencia grave, imporase a pena de prisión de seis a dezaioito meses e multa de seis a doce meses.

Artigo 578.

1. O enaltecedemento ou a xustificación públicos dos delitos comprendidos nos artigos 572 a 577 ou dos que participasen na súa execución, ou a realización de actos que entrañen descrédito, menosprezo ou humillación das vítimas dos delitos terroristas ou dos seus familiares, castigarase coa pena de prisión dun a tres anos e multa de doce a dezaioito meses. O xuíz tamén poderá acordar na sentenza, durante o período de tempo que el mesmo sinale, algunha ou algunhas das prohibicións previstas no artigo 57.

2. As penas previstas no número anterior imporanse na súa metade superior cando os feitos se levasen a cabo mediante a difusión de servizos ou contidos accesibles ao público a través de medios de comunicación, internet ou por medio de servizos de comunicacións electrónicas ou mediante o uso de tecnoloxías da información.

3. Cando os feitos, á vista das súas circunstancias, resulten idóneos para alterar gravemente a paz pública ou crear un grave sentimento de inseguranza ou temor á sociedade ou parte dela, imporase a pena na súa metade superior e poderá elevarse ata a superior en grao.

4. O xuíz ou tribunal acordará que se destrúan, borren ou inutilicen os libros, arquivos, documentos, artigos ou calquera outro soporte por medio do cal se cometese o delito. Cando o delito se cometese a través de tecnoloxías da información e a comunicación, acordarase a retirada dos contidos.

Se os feitos se cometesen a través de servizos ou contidos accesibles a través da internet ou de servizos de comunicacións electrónicas, o xuíz ou tribunal poderá ordenar a retirada dos contidos ou servizos ilícitos. Subsidiariamente, poderá ordenar aos prestadores de servizos de aloxamento que retiren os contidos ilícitos, aos motores de busca que supriman as ligazóns que apunten a eles e aos provedores de servizos de comunicacións electrónicas que impidan o acceso aos contidos ou servizos ilícitos, sempre que concorra algún dos seguintes supostos:

a) Cando a medida resulte proporcionada á gravidade dos feitos e á relevancia da información e necesaria para evitar a súa difusión.

b) Cando se difundan exclusiva ou preponderantemente os contidos a que se refiren os números anteriores.

5. As medidas previstas no número anterior poderán tamén ser acordadas polo xuíz instructor con carácter cautelar durante a instrución da causa.

## Artigo 579.

1. Será castigado coa pena inferior nun ou dous graos á prevista para o delito de que se trate quen, por calquera medio, difunda publicamente mensaxes ou consignas que teñan como finalidade ou que, polo seu contido, sexan idóneas para incitar outros a cometer dalgún dos delitos deste capítulo.

2. A mesma pena se imporá a quen, publicamente ou ante unha concorrencia de persoas, incite outros a cometer algún dos delitos deste capítulo, así como a quen solicite a outra persoa que os cometa.

3. Os demais actos de provocación, conspiración e proposición para cometer algún dos delitos regulados neste capítulo castigaranse tamén coa pena inferior nun ou dous graos á que corresponda respectivamente aos feitos previstos neste capítulo.

4. Nos casos previstos neste precepto, os xuíces ou tribunais poderán adoptar as medidas establecidas nos números 4 e 5 do artigo anterior.

## Artigo 579 bis.

1. O responsable dos delitos previstos neste capítulo, sen prexuízo das penas que correspondan conforme os artigos precedentes, será tamén castigado, atendendo proporcionalmente á gravidade do delito, ao número dos cometidos e ás circunstancias que concorran no delincente, coas penas de inhabilitación absoluta, inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, nos ámbitos docente, deportivo e de tempo libre, por un tempo superior entre seis e vinte anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta, se for o caso, na sentenza.

2. Ao condenado a pena grave privativa de liberdade por un ou máis delitos comprendidos neste capítulo imporáselle ademais a medida de liberdade vixiada de cinco a dez anos, e dun a cinco anos se a pena privativa de liberdade for menos grave. Non obstante o anterior, cando se trate dun só delito que non sexa grave e o seu autor delinca por primeira vez, o tribunal poderá impor ou non a medida de liberdade vixiada, en atención á súa menor perigosidade.

3. Nos delitos previstos neste capítulo, os xuíces e tribunais, razoándoo na sentenza, poderán impor a pena inferior nun ou dous graos á sinalada para o delito de que se trate cando o suxeito abandone voluntariamente as súas actividades delituosas, se presente ás autoridades confesando os feitos en que participou e colabore activamente con elas para impedir a produción do delito, ou coadruve eficazmente á obtención de probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables ou para impedir a actuación ou o desenvolvemento de organizacións, grupos ou outros elementos terroristas a que pertenceu ou con que colaborou.

4. Os xuíces e tribunais, motivadamente, atendendo ás circunstancias concretas, poderán impor tamén a pena inferior nun ou dous graos á sinalada neste capítulo para o delito de que se trate cando o feito sexa obxectivamente de menor gravidade, considerando o medio empregado ou o resultado producido.

## Artigo 580.

En todos os delitos de terrorismo, a condena dun xuíz ou tribunal estranxeiro será equiparada ás sentenzas dos xuíces ou tribunais españois para os efectos de aplicación da agravante de reincidencia.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícase o número 4 e) 2.º do artigo 23 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactado como segue:



«2.º que o procedemento se dirixa contra un estranxeiro que resida habitualmente ou se encontre en España ou, sen reunir eses requisitos, colabore cun español ou cun estranxeiro que resida ou se encontre en España para cometer un delito de terrorismo;»

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Esta lei dítase en exercicio da competencia exclusiva en materia de lexislación penal que atribúe ao Estado o artigo 149.1.6.ª da Constitución.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día 1 de xullo de 2015.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Sevilla, 30 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY